

Os dilemas da literatura infantil en Támara Nadu

// Malathy Maithri

Son variados os dilemas que a literatura infantil ten que resolver nun país coma Támara Nadu, cunha lingua que conta con máis de sesenta millóns de falantes e cunha historia literaria escrita das máis antigas do mundo. Por unha banda está a literatura clásica que se imparte nas escolas, obras en moitos casos escritas para persoas adultas e que se consideran axeitadas para nenas e nenos. Esta concepción prima o moral e didáctico dende o punto de vista moitas veces do conservador e retrógrado, usando principalmente textos relixiosos.

Este tipo de literatura ignora tamén a tradición oral das avoas, unha tradición que se viu interrompida e minusvalorada pola colonización e as formas de vida modernas. Neste momento o país atópase claramente dividido entre as persoas que saben e as que non saben ler. O analfabetismo entre a infancia marca, con outras características, a realidade do público lector. Cómpre lembrar que a maioría das nenas e nenos non conta-

ban cunha infancia na percepción moderna dela ata o período colonial e que aínda hoxe son moitas as nenas e nenos que traballan na agricultura, nas industrias, e no caso das nenas, no fogar. Os matrimonios temperáns seguen marcando a realidade de moitas nenas en certas zonas rurais. O propio concepto da infancia, xa que logo, está baixo sospeita. Aínda así, este tipo de vida provocou que as nenas e nenos creasen as súas propias historias, que tamén quedaron excluídas do concepto actual da literatura infantil.

Mais cómpre ter en conta outros elementos: a cultura de masas e a propia situación da lingua, na que coa globalización a lectura pasa a ser un campo dominado polo inglés, dado que as nenas e nenos que son alfabetizadas, sobre todo nas clases altas, non utilizan a lingua materna para o ensino.

Dende outro punto de vista, a semiótica da literatura infantil popular amosa como a maioría das historias existentes se basean na discriminación de casta e de xé-

ner. Malathy Maithri é poeta e feminista támara, editora da revista Anugu. Os seus poemas están incluídos no libro *Vanakkam-Benvidas*, antoloxía de poetas galegos e támaraes publicado por Implicadas/os no Desenvolvemento.

Os relatos adoutrinan a nenas e nenos de forma directa ou indirecta sobre a determinación biolóxica da desigualdade de xénero.

O tempo é chegado de redefinir a función e a estrutura da literatura infantil en Támara Nadu. Nesta nova proposta a literatura infantil debería ser capaz de aglutinar a tradición oral, textual e contemporánea coas narracións das propias nenas e nenos. Tamén cómpre considerar cuestións relativas á construción da personalidade, de identidades e políticas, temas como a conservación da natureza, a diversidade, a epistemoloxía feminista e a construción do xénero e da sexualidade.

Esta nova literatura infantil debería incluír tamén dispositivos para incluír a nenas e nenos na lectura e na narración. Dado que as nenas e nenos das comunidades desfavorecidas non saben ler cómpre propoñer grupos de lectura colectiva a través dos cales poidan aprender e entender a literatura como algo propio. A literatura infantil pode comezar unha nova sensibilidade ética e estética tamén neste sentido.

As e os escritores en támara temos aínda por comprender a necesidade dunha literatura infantil propia. O fanatismo relixioso e as correntes retrógradas teñen a súa propia folla de ruta no contexto indio pero as forzas laicas e democráticas non podemos quedar atrás no campo da literatura infantil, fundamental para a creación dunha sociedade diferente na que non haxa ideas esencialistas, puristas ou románticas sobre a infancia como un lugar de inocencia, amor e imparcialidade dado que é un feito complexo, ambiguo e relativo á axencia política.

A literatura infantil en támara é coma unha nena á que meten nun dos cinemas de calquera cidade nosa, abafada, rodeada de ruído e odio cara ás mulleres. A súa necesidade máis inmediata é o aire libre.

Tradución do inglés de María Reimóndez.